

BASES COMPETICIÓN PLAY OFF CADETE FEMININA

- **EQUIPOS PARTICIPANTES:**

Os equipos participantes nos Play Off serán os mesmos que na Copa Galicia, agás os seguintes equipos: “Bm. Cangas B” e “SAR Rodavigo B”.

Estes equipos renuncian á súa participación, xa que presentan outro equipo neste Play Off.

EQUIPOS PARTICIPANTES PLAY OFF			
1	Bm. Porriño	10	Club Balonmán Tui
2	Tapería Dos Chata Bm. Cangas	11	Bm. Brigantium Unitec.
3	UB Lavadores Vigo	12	Dispesfra Rasoeiro Bm.
4	A.D. Carballal	13	SD Teucro
5	Mecalia Atl. Guardés	14	Balonmán Chapela
6	Bm. Rodeiro Cooperativa O Rodo	15	Seis do Nadal Coia
7	Coreti Lalín	16	Bm Culleredo Fisioterapia Benestar
8	SAR Rodavigo A	17	As Choqueiras de Redondela
9	Portaltec Bm. Caselas		

Os equipos en verde son os cabeza de serie, resultantes da clasificación da Fase de Grupos de Copa Galicia (clasificados para oitavos de final, diferenciando primeiros e segundos de grupo).

- **FORMATO DE COMPETICIÓN E DATAS:**

Os dezasete equipos se dividen en cinco grupos distribuídos do seguinte xeito:

- ✓ 2 grupos de 4 equipos
- ✓ 3 grupos de 3 equipos

O formato de competición será tipo sector, enfrontándose todos contra todos a unha soa volta e nunha mesma sede.

- Datas Play Off: 8, 9 e 10 de Outubro de 2021.

- Enfrontamentos:

Os enfrontamentos levaranse a cabo do seguinte xeito:

XORNADA 1	XORNADA 2	XORNADA 3
08/10/2021	09/10/2021	10/10/2021
1-3	4-3	3-2
4-2	2-1	1-4

- Horarios:

O equipo organizador poderá establecer os horarios sempre e cando se respecten as seguintes premisas:

- ✓ O 08/10/2021, os equipos que se atopan a máis de 100 km. de distancia non poderán xogar antes das 19:00 horas.
- ✓ O 09/10/2021 e o 10/10/2021 os equipos que se atopan a máis de 100 km. de distancia non poderán xogar antes das 10:30 horas.
- ✓ Os dous encontros de cada xornada deberán disputarse de xeito contiguo, é dicir, un despois doutro.
- ✓ Calquera destas premisas poderá ser anulada por acordo escrito de todos os equipos implicados no grupo de Play Off.

- **GRUPOS:**

Os grupos resultantes do sorteo foron:

	GRUPO 1	GRUPO 2
1	Mecalia Atl. Guardés	UB Lavadores Vigo
2	Bm. Rodeiro Coop. O Rodo	SAR Rodavigo A
3	Bm. Brigantium Unitec.	Balonmán Chapela
4	As Choqueiras de Redondela	Dispesfra Rasoeiro Bm.

GRUPO 3		GRUPO 4	GRUPO 5
1	Bm. Porriño	A.D. Carballal	Tapería Dos Chata Bm. Cangas
2	Coreti Lalín	SD Teucro	Seis do Nadal Coia
3	Club Balonmán Tui	Portaltec Bm. Caselas	Bm Culleredo Fisioterapia Benestar

- **SEDES:**

Terán preferencia coma organizadores os cabezas de serie (primeiros na Fase de Grupos de Copa Galicia), se algún equipo quere renunciar á organización deberá comunicalo **antes do 4 de outubro ás 12:00 horas**, enviando un e-mail a competitions@fgbalonman.com. En caso de renuncias, os dereitos de organización seguirán a orde de cada un dos grupos do sorteo dos Play Off.

En caso de renunciar á organización fora de prazo, o incumprimento do prazo será trasladado ao Comité de Competición da FGBm.

- **EQUIPOS CLASIFICADOS PARA LIGA OURO:**

Os dous primeiros clasificados de cada grupo e os dous mellores terceiros ao remate do Play Off, acadarán os dereitos deportivos para a participación na Liga Ouro 21-22; mentres que o resto de equipos pasarán á Liga Prata 21-22.

Ao non ter todos os grupos o mesmo número de equipos, para a determinación dos mellores terceiros clasificados, seguirase o “Criterio FGBm” aprobado en asemblea:

COMO DETERMINAR OS MELLORES TERCEIROS CLASIFICADOS SE HAI GRUPOS DE TRES E CATRO EQUIPOS

Eliminarase o resultado co 4º clasificado nos grupos de catro equipos. Esa eliminación do resultado nunca alterará o posto na clasificación de cada grupo, simplemente afectará aos goles a favor, goles en contra e diferenza de goles.

- **DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIAS:**

Todas as cuestións que non se atopen recollidas nestas bases, serán reguladas pola normativa vixente da FGBm e no Regulamento de Partidos e Competicións da RFEBM.